



DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés

Materia	Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés			
Código	V01G180V01105			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Pérez Paz, María Flor			
Profesorado	García Castro, Laura Pereira Romasanta, Raquel Pérez Paz, María Flor			
Correo-e	mflor@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia ocúpase da lingua instrumental centrándose no desenvolvemento das destrezas de Reading e Writing. Prestaráselle atención á comprensión e á expresión escrita, á cohesión, á coherencia, aos tipos de texto, aos aspectos retóricos e de organización, así como ao uso do vocabulario a través de diferentes temas e textos. É recomendable posuír un nivel B1 para cursar a materia, ao rematar o curso debería posuírse un nivel B1.2.			

Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.

C1	Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.
C3	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do primeiro idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.
C4	Desenvolver as nocións fundamentais de vocabulario en temas básicos e expandir estes coñecementos a temas máis complexos, fomentando a aplicación práctica do vocabulario á lectura e redacción de textos, así como á comprensión e expresión oral.
C7	Desenvolver a capacidade crítica respecto ás diferentes aproximacións textuais e as súas implicacións.
C8	Mellorar a comprensión lectora en rexistros formais e semiformais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.
C9	Incrementar a destreza de expresión escrita nunha variedade de temas e unila á expresión oral.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquisición dos conceptos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo	A1 A2 A3	B1 B4 B7 B9	C1 C3 C4 C9
Comprensión dos conceptos básicos e avanzados de lectura e redacción de textos.	A4		C1 C3 C4 C7 C8 C9
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse de maneira escrita e oral co vocabulario e organización apropiados	A2 A4 A5	B1 B4 B9	C1 C4 C7 C8 C9
Familiarización con hábitos de traballo en equipo	A2	B1 B11	C7

Contidos

Tema	
1. Grammar	1.1. Articles: definite and indefinite: uses and omissions. 1.2. Nouns: countable and uncountable, collective nouns: singular and plural. 1.3. Adjectives and adverbs: uses, formation and position. 1.4. Prepositions: place, time, and collocations. 1.5. Modal verbs: obligation, prohibition, advice, permission; speculation and deduction in present and past. 1.6. The passive voice, gerunds and infinitives. 1.7. Clauses of reason, purpose, contrast, and result. 1.8. Punctuation marks. 1.9. Spelling: Homophones.
2. Vocabulary Topics	2.1. Appearance and personality. 2.2. Transport, travel and accommodation. 2.3. Cities and houses. 2.4. Food and meals. 2.5. School and university subjects. 2.6. Inventions and operating technology. 2.7. Sports. 2.8. Art, theatre and music. 2.9. Nations, state and politics.
3. Writing	3.1. Generating ideas by using critical thinking, evaluating, and revising. 3.2. Evaluating ideas in relation to purpose, topic, and audience. 3.3. Considering the knowledge, attitudes and tastes of the intended reader. 3.4. Determining the amount of information shared with the reader, the kind of information that has to be made explicit and the need of directness. 3.5. Conforming to cohesion, and conventions of style and format. 3.6. Organizing and structuring ideas, content and purposes into a coherent whole.

4. Reading

- 4.1. Comprehension of a fiction book and texts from the assigned Student's book.
- 4.2. Understanding of written English at word, phrase (phrasal verbs and idiomatic expressions), sentence, paragraph, and the whole text.
- 4.3. Interpreting textual register, and writer/audience relationship concerning ideas, opinions, suggestions, and attitudes.
- 4.4. Cohesion and coherence.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Titoría en grupo	2	6	8
Outros	8	10	18
Traballo tutelado	4	14	18
Traballos de aula	8	12	20
Prácticas autónomas a través de TIC	5	14	19
Resolución de problemas de forma autónoma	5	16	21
Probas de resposta curta	2	4	6
Outras	6	18	24
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	4	6
Exame de preguntas obxectivas	8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Orientación xeral sobre a materia, que se espera do alumnado e como conseguilo. Descubrir intereses e motivacións do alumnado.
Titoría en grupo	Revisión conxunta, por parte do alumnado e profesorado, do desenvolvemento das actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Outros	Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos (Use of English) e das destrezas comunicativas (reading and writing)
Traballo tutelado	Traballos realizados sobre os contidos teóricos do curso.
Traballos de aula	Práctica das destrezas comunicativas, especialmente de writing e da aplicación dos contidos lingüísticos (Use of English).
Prácticas autónomas a través de TIC	Resolución de tests de gramática e vocabulario, práctica da comprensión lectora (reading comprehension) con clave de respostas.
Resolución de problemas de forma autónoma	Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma fóra da aula como tarefas de casa; especialmente a destreza comunicativa de writing.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Outros	Pór atención personalizada sobre a realización dos diversos exercicios relacionados con as destrezas comunicativas e a destreza lingüística para aplicar os conceptos teóricos da lingua na práctica.
Actividades introdutorias	Os obxectivos das actividades introdutorias céntranse na orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, as datas das entregas dos traballos e das datas da realización dos exames e asesoramento para a superación da materia.
Titoría en grupo	Por titoría en grupo enténdese atención na aula e en horario de titorías. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Outros	Dúas probas de avaliación dos contidos lingüísticos (Use of English: grammar and vocabulary) mediante: open cloze exercises, word transformation tasks, gapped sentences, key-word transformations, etc.	40	A4 B1 C1 B4 C3 B9 C4 C8 C9

Traballo tutelado	Elaboración de catro traballos escritos tutelados fóra do aula e realizados de forma autónoma polo alumnado (Writing). Os traballos deberán: 1. Transmitir a información expresada de forma clara e organizada de forma lóxica. 2. Narrar conceptos mediante a exposición, argumentación e avaliación para expresar puntos de vista sobre un tema, e apoiando os conceptos con evidencias. 3. Describir experiencias persoais, expresar sentimentos e reaccións. 4. Redactar nunha forma literaria específica (cartas formais e informais, artigos, etc.)	20	A2 A3 A4	B4 B9	C1 C3 C4 C7 C8 C9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Redaccións que se farán ao longo do curso	10	A1 A4		C1 C4 C7 C9
Exame de preguntas obxectivas	Dúas probas de avaliación da destreza de (reading) mediante: multiple choice, gapped text, multiple matching, cross-text multiple matching, etc.	30	A1	B4	C1 C3 C4 C7 C8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Recoméndase que o alumnado siga a avaliación continua, sendo o sistema con máis posibilidades de éxito.

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

O curso ten unha orientación práctica. Para poder seguir as clases recoméndase posuír un nivel B1 de inglés. O nivel para superar a materia ao final do cuadrimestre deberá ser B1.2.

1.1. A cualificación final da materia calcularase tendo en conta todas as destrezas traballadas ao longo do cuadrimestre segundo as porcentaxes que se indican:

As destrezas comunicativas: Comprensión escrita (Reading comprehension): 30%; expresión escrita (Writing): 30%.

A destreza lingüística: Gramática e vocabulario (Use of English): 40%.

De este xeito, asuma das dúas partes (teoría e práctica) sumarán 100%.

1.2. Para superar a materia será imprescindible acadar unha cualificación mínima de 5 puntos como nota global; sendo 4 puntos a puntuación mínima requirida nas destrezas para facer a media e alcanzar o 5 (aprobado). O alumnado que na primeira edición de actas obteña una cualificación de suspenso nalgunha(s) das destrezas deberá repetir a(s) parte(s) correspondentes a tal(es) destrezas no exame de xullo do 2019 para poder aprobar a totalidade da materia.

1.3. Non se contempla o exame único do mes de decembro/xaneiro como exame de recuperación para aprobar a(s) parte(s) da(s) destreza(s) suspensa(s) na avaliación continua. De non superalas en xullo 2019, o/a alumno/a deberá examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores. Polo tanto, as partes superadas carecerán de validez para datas e cursos posteriores ao 2018-2019.

1.4. O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

1.5. Non se permite a utilización de dicionarios, apuntamentos e dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, tabletas, ordenadores, etc.) durante a realización dos exames.

2. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (xaneiro 2019)

Existen dous sistemas de avaliación (continua e única) para superar a materia nesta primeira oportunidade e participar nun deles, implica a imposibilidade de participar no outro.

2.1. Avaliación continua

2.1.1. O alumnado entregará unha ficha cos seus datos de contacto e fotografía durante as tres primeiras semanas do cuadrimestre. De igual maneira, será imprescindible a súa participación nas diferentes probas que se vaian realizando ao longo do cuadrimestre, así como a entrega das actividades que corresponda nas datas sinaladas. As probas nas que non se participe ou as actividades non entregadas no prazo estipulado computarán como 0 (cero). A avaliación, tanto continua coma única, terá en conta non só pertinencia e calidade do contido das respostas, senón tamén a súa corrección lingüística.

2.1.2. O alumnado para poder optar á avaliación continua deberá entregar os catro exercicios de expresión escrita (Writing). A entrega deberá realizarse en man ás profesoras nas datas sinaladas e publicadas en Faitic. Non se aceptarán traballos enviados por internet ou depositados nos caixas do correo das profesoras. En caso de imposibilidade de entrega persoal por motivos xustificadas, poderase enviar o traballo por internet.

2.1.3. Na segunda edición de actas (xullo 2019) o alumnado só terá que presentarse ás destrezas suspensas.

2.1.4. É obrigatorio a realización de 4 traballos escritos (20%), 1 proba de expresión escrita baseada na comprensión do libro de lectura (10%), e 2 probas de comprensión escrita (30%). As datas das entregas dos traballos e da realización das probas publicaranse na plataforma Faitic. Toda esta parte computará ou 60% da cualificación final. Así mesmo, realizaranse dúas probas sobre os contidos lingüísticos de gramática e vocabulario (Use of English); esta parte computará ou 40%. As datas da realización das probas publicaranse na plataforma Faitic.

2.1.5. Para superar a materia será imprescindible acadar unha cualificación mínima de 5 puntos como nota global, sendo 4 puntos a puntuación mínima requirida nas destrezas para facer a media e alcanzar o 5 (aprobado).

2.1.6. As datas de avaliación, que se desenvolverán durante as horas de clase, son as que seguen:

READING: Semanas 5 e 11 (durante as horas de prácticas).

USE OF ENGLISH: Semanas 7 e 13 (durante as horas de teoría).

WRITINGS: Datas de entrega dos traballos: Semanas 3, 5, 9, 11.

2.2. Avaliación única

2.2.1. A avaliación final do primeiro cuadrimestre se desenvolverá na data oficial aprobada pola xunta de Centro e deberá ser consultada polo alumnado na páxina web da Facultade.

2.2.2. Os porcentaxes de las destrezas son os seguintes:

As destrezas comunicativas:

Comprensión escrita (Reading comprehension): 30%.

Expresión escrita (Writing) 20% + expresión escrita baseada na comprensión do libro de lectura (set book) 10% = 30%.

A destreza lingüística: Gramática e vocabulario (Use of English): 40%.

2.2.3. O alumnado nesta convocatoria deberá realizar o exercicio da expresión escrita (Writing) na aula durante o horario do exame, e non podendo entregar ningún traballo de "Writing" realizado fóra do aula.

3. SEGUNDA EDICIÓN DAS ACTAS (xullo 2019)

3.1. O exame que o centro fixe oficialmente para o mes de xullo constará das partes necesarias para avaliar todas as destrezas (Reading, Writing e Use of English). O peso de cada unha das destrezas na cualificación final será o mesmo que na primeira edición de actas e, de igual maneira, para superar a materia será imprescindible acadar unha cualificación mínima de 5 puntos como nota global, sendo 4 puntos a puntuación mínima requirida nas destrezas para facer a media e alcanzar o 5 (aprobado). A suma das destrezas comunicativas (60%) e da destreza lingüística (40%) sumarán o 100% da nota final obtida.

3.2. O alumnado nesta convocatoria deberá realizar o exercicio da expresión escrita (Writing) na aula durante o horario do exame, e non podendo entregar ningún traballo de Writing realizado fóra do aula.

3.2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas na que as probas de avaliación teñen lugar.

4. Os mesmos criterios, aquí descritos, tamén se aplicarán ao alumnado alleo. En caso de non poder acceder á plataforma FAITIC, o alumnado alleo deberá contactar cos docentes para liquidar este impedimento. Para poder seguir a docencia, recoméndase que o alumnado alleo posúa un nivel B1 (Marco Europeo de Referencia) de inglés.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Spencer, David, **Gateway B1+ Student's book**, 2, Macmillan Education, 2016

Bennett, Alan, **The uncommon reader**, 1, Faber & Faber, 2008

Bibliografía Complementaria

Cornford, Annie & Watkins, Frances, **Gateway B1+ Workbook**, 2, Macmillan Education, 2016

Melvin, Jacqueline, **English grammar reference book: grammar and error correction guide and phrasal verb book**, 1, CreateSpace Independent Publishing Platform, 2015

PURDUE UNIVERSITY., **THE ONLINE WRITING CENTER (OWL) AT PURDUE UNIVERSITY.**,
<http://owl.english.purdue.edu/exercises/>,

Stilman, Anne, **Grammatically correct: the essential guide to spelling, style, usage, grammar and punctuation.**, 2, F+W Media., 2010

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104

Outros comentarios

Recoméndase o estudo diario da materia, a lectura das explicacións gramaticais dadas na clase, o desenvolvemento dos exercicios prácticos e a autocorrección. Para poder seguir as clases recoméndase posuír un nivel B1 de inglés.

Ademais da asistencia regular ás sesións presenciais, resulta imprescindible para seguir e superar a materia o uso dos recursos bibliográficos. Sendo así, é altamente recomendable que o material manexado polo alumnado inclúa a lectura de xornais, libros e revistas en lingua inglesa, o visionado de vídeos, series e similares en lingua inglesa.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e de estar ao tanto das datas nas que as probas terán lugar.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumno/a da súa responsabilidade neste aspecto.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenador, conexión a internet ou calquera outro medio electrónico.
